

**CONVENIO** ■ Cos 30.000 euros da axuda, finanziarase o premio 'Os Bos e Xenerosos', os galardóns da AELG e os Encontros Galeusca, entre outros

# Cultura achega fondos para as actividades dos escritores galegos

O conselleiro de Cultura, Roberto Varela, e o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), Cesáreo Sánchez, asinaron onte un convenio de colaboración polo cal o departamento autonómico destinará 30.000 euros á realización conxunta de varios programas literarios enmarcados no Ano do Libro e a Lectura en Galicia.

En concreto, finanziarase a continuidade do premio Os Bos e Xenerosos 2010, que galardoará os concellos que mantéñen vivo o Premio Blanco Amor; e os premios da

AELG. Ademais, terán lugar os 'Encontros Galeusca', nos que participan escritores de Galicia, Cataluña e Euscati, así como rutas culturais e iniciativas como *O escritor na súa terra*. Segundo a Consellería de Cultura, o establecemento de accións que permitan desenvolver un programa conxunto de actividades literarias é "esencial" para facer promoción das obras galegas e promover a lectura entre o público dentro e fóra de Galicia.

Dende a Xunta de Galicia considerase que a Asociación de Escrito-

res en Lingua Galega vén desenvolvendo un labor de continuidade no campo da promoción e difusión da cultura de Galicia que en prol dunha maior eficacia considera que a cooperación en diferentes programas beneficia o mundo da cultura galega en xeral.

A AELG, ademais de aglutinar a maior parte dos escritores en lingua galega, dispón de profesionais de valía e de recoñecido prestixio e dos medios técnicos axeitados para levar a cabo as actividades mencionadas. • REDACCIÓN



O presidente da AELG, Cesáreo Sánchez, á esquerda, con Roberto Varela